

Expediente: 2024/7855N

## RESOLUCIÓN

Proposta de nomeamento de Cristina Isabel Romero Fernandez como asesora de presidencia.

### ANTECEDENTES DE FEITO

A constitución da Corporación da Deputación Provincial de Ourense para o mandato 2023-2027, realizouse na sesión Plenaria de data 17/07/2023. Na sesión organizativa de data 03 de agosto de 2023, o Pleno da Deputación Provincial, aprobou, con efectos do 03 de agosto de 2023, a modificación da Relación de Postos de Traballo da Deputación, no relativo ao persoal eventual ao servizo dos grupos políticos da Corporación e ao persoal eventual adscrito ao Gabinete de Presidencia.

O Grupo Provincial Socialista a día de hoxe non ten persoal eventual, ao ter cesado automaticamente o persoal do mandato anterior ao cesar a Presidencia ao seu termo.

Sendo necesario dispoñer de dito persoal para poder iniciar a xestión do Grupo Provincial Socialista neste novo mandato, e estando previstos os postos de traballo na vixente Relación de Postos de Traballo, estímase oportuno proceder o seu nomeamento.

Polo tanto, no momento actual, estes postos atópanse vacantes podendo procederse a súa cobertura segundo o escrito presentado polo portavoz de Grupo Provincial.

### FUNDAMENTOS XURÍDICOS

**Primeiro.-** O persoal eventual ven regulado no artigo 104 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, que indica:

*"1. O número, características e retribucións do persoal eventual será determinado polo Pleno de cada Corporación, ao comezo do seu mandato. Estas determinacións só poderán modificarse con motivo da aprobación dos Orzamentos anuais.*

2. O nomeamento e cesamento destes funcionarios é libre e corresponde ao Alcalde ou ao Presidente da entidade local correspondente. Cesan automaticamente en todo caso cando se produza o cesamento ou expire o mandato da autoridade á que presten a súa función de confianza ou asesoramento.

3. Os nomeamentos de funcionarios de emprego, o réxime das súas retribucións e a súa dedicación publicaranse no "Boletín Oficial" da Provincia e, no seu caso no propio da Corporación".

O artigo 104 bis, introducido polo número vinte e oito do artigo primeiro da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, regula as súas dotacións, límites e normas.

**Segundo.-** O artigo 176 do Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, sobre disposicións legais vixentes en materia de réxime local, sinala:

"1. O persoal eventual réxese polo establecido no artigo 104 da Lei 7/1985, do 2 de abril.

2. Os postos de traballo reservados a este tipo de persoal deberán figurar na plantilla de persoal da Corporación.

3. Poderán ser desempeñados por persoal eventual determinados postos de traballo de carácter directivo, incluídos na relación de postos de traballo da Corporación, de acordo co que dispoñan as normas que dite o Estado para a súa confección. Nestes supostos, o persoal eventual deberá reunir as condicións específicas que se esixan aos funcionarios que poidan desempeñar devanditos postos.

4. En ningún caso o desempeño dun posto de traballo reservado a persoal eventual constituirá mérito para o acceso á función pública ou á promoción interna".

**Terceiro.-** O artigo 12 do Real Decreto Legislativo 5/5015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, indica:

"1. É persoal eventual o que, en virtude de nomeamento e con carácter non permanente, só realiza funcións expresamente cualificadas como de confianza ou asesoramento especial sendo retribuído con cargo aos créditos orzamentarios consignados para este fin.

2. As leis de Función Pública que se diten en desenvolvemento deste Estatuto determinarán os órganos de goberno das Administracións Públicas que poderán dispoñer deste tipo de persoal. O número máximo establecerase polos respectivos órganos de goberno. Este número e as condicións retributivas serán públicas.

3. O nomeamento e cesamento serán libres. O cesamento terá lugar, en todo caso cando se produza o da autoridade á que se preste a función de confianza ou asesoramento

4. A condición de persoal eventual non poderá constituír mérito para o acceso á Función Pública ou para a promoción interna.

5. Ao persoal eventual seralle aplicable, no que sexa adecuado á natureza da súa condición, o réxime xeral dos funcionarios de carreira".

**Cuarto.-** A Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, regula o persoal eventual nos artigos 29 a 32.

*"Artigo 29 Concepto e funcións*

1. *Teñen a condición de persoal eventual as persoas que, en virtude de nomeamento e con carácter non permanente, só realizan funcións expresamente cualificadas como de confianza ou asesoramento especial, retribuídas con cargo aos créditos orzamentarios consignados para este fin.*
2. *Para os efectos previstos neste artigo, enténdese por funcións de confianza ou asesoramento especial aquelas nas que concorran as seguintes circunstancias:*
  - a) *Asesoramento vinculado ao desempeño e formulación de estratexias e propostas de actuación ou difusión no ámbito das competencias da autoridade que efectuou o nomeamento, ou apoio que supoña unha colaboración de carácter reservado.*
  - b) *Non estar reservadas a persoal funcionario.*
  - c) *Especial dedicación e dispoñibilidade horaria.*
3. *O persoal eventual en ningún caso pode realizar actividades ordinarias de xestión ou de carácter técnico nin ningunha das funcións que corresponden ao persoal funcionario de carreira.*

*Artigo 30 Nomeamento e cesamento do persoal eventual.*

1. *O nomeamento do persoal eventual é libre.*
2. *O cesamento do persoal eventual corresponde aos mesmos órganos competentes para o seu nomeamento e prodúcese pola concorrencia de algunha das seguintes causas:*
  - a) *Libre decisión da autoridade que efectuou o nomeamento.*
  - b) *Cesamento da autoridade que efectuou o nomeamento. Neste caso, o cesamento do persoal eventual prodúcese de forma automática co cesamento da devandita autoridade.*
  - c) *Renuncia.*

*Artigo 31 Réxime xurídico*

1. *Ao persoal eventual élle de aplicación, en canto sexa adecuado á natureza da súa condición, o réxime xeral do persoal funcionario de carreira.*
2. *Cando o persoal funcionario de carreira acceda a postos de traballo de carácter eventual, poderá optar entre permanecer na situación de servizo activo ou pasar á situación de servizos especiais.*
3. *A determinación das condicións de emprego do persoal eventual non ten a consideración de materia obxecto de negociación colectiva a efectos da presente lei.*
4. *A prestación de servizos como persoal eventual non constituirá mérito algún para o acceso ao emprego público nin para a promoción dentro deste".*

Pola súa banda o artigo 201 da citada Lei 2/2015, dentro do título X dedicado as especialidades do persoal ao servizo das entidades locais de Galicia, indica respecto o persoal eventual:

- "1. O número, características e retribucións do persoal eventual será determinado polo pleno de cada entidade local ao comezo do seu mandato. Estas determinacións só poden modificarse con motivo da aprobación dos orzamentos anuais.*
- 2. O nomeamento e cesamento deste persoal é libre e corresponde á persoa titular da alcaldía ou da presidencia da entidade local correspondente. Cesa automaticamente, en todo caso, cando se produza o cesamento ou expire o mandato da autoridade á que presten a súa función de confianza ou asesoramento especial, nos termos previstos polo artigo 30 da presente lei.*
- 3. Os nomeamentos de persoal eventual, as súas retribucións e a súa dedicación publicaranse no boletín oficial da provincia e, no seu caso, no propio da corporación".*

**Quinto.-** O persoal eventual está sometido ao réxime de incompatibilidades establecido na Lei 53/1984, de 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións Públicas.

**Sexto.-** O artigo 214 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, dentro da función interventora, esixe a fiscalización, entre outros, de todos os actos das entidades locais e dos seus organismos autónomos que dean lugar ao recoñecemento e liquidación de dereitos e obrigacións ou gastos de contido económico, co fin de que a xestión se axuste ás disposicións aplicables en cada caso. O exercicio da expresada función interventora comprenderá, entre outros, a intervención crítica ou previa de todo acto, documento ou expediente susceptible de producir dereitos ou obrigacións de contido económico ou movemento de fondos de valores.

En virtude do exercicio da potestade de autoorganización recoñecido ás entidades locais no artigo 4.1.a) e segundo o previsto no artigo 104.2 ambos da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, e o artigo 34.1.h) da citada Lei que atribúe ao Presidente a Xefatura Superior de todo o persoal.

Polo exposto, DISPOÑO:

**PRIMEIRO.-** Nomear en réxime de persoal eventual e dedicación exclusiva, a don Cristina Isabel Romero Fernández con NIF 34\*5\*0\*1\* como asesora de presidencia.

A persoa nomeada, de acordo co orzamento vixente, percibirá as seguintes retribucións:

SALARIO BASE BRUTO MENSUAL ..... 3.147,46 Euros.

IMPORTE ANUAL (14 PAGAS) ..... 44.064,44 Euros.

**SEGUNDO.-** O nomeamento terá efectos a partir do día vinteito de maio de 2024 e deberá ser publicado no Boletín Oficial da Provincia de Ourense, co seu réxime retributivo e dedicación.

**TERCEIRO.-** Notificar a presente Resolución aos interesados, así como á Intervención desta Deputación, aos efectos legalmente establecidos.

Así o dispón e o asina a Presidencia, en Ourense, na data que consta na sinatura electrónica deste documento. Dou fe.

